
CINEUROPA

XOVES 20

VENRES 21 (#ENFOCO)

NOVEMBRO 2025

Auditorio de Galicia, 20:30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Greg Kwedar, director do filme

Bryce Dessner, compositor da banda sonora

Ben Voce, director

HISTORIAS

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA



PROGRAMA

SING SING (2023)

Estados Unidos / 107 min / Ficción / Inglés (V.O. con subtítulos en castelán)

Ficha artística: Colman Domingo, Clarence Maclin, Sean San Jose, Paul Raci, David Graudy, Patrick Griffin, Mosi Eagle, James Williams, Sean Dino Johnson, Dario Peña, Brent Buell

Ficha técnica:

Director: Greg Kwedar

Guión: Greg Kwedar, Clint Bentley e John H. Richardson

Fotografía: Pat Scola

Música: Bryce Dessner

Son: Lee Salevan

Edición: Parker Laramie

Produción: Monique Walton, Clint Bentley, Greg Kwedar

Deseño de arte: Jacob Harbeck

Deseño de vestuario: Desira Pesta

Maquillaxe: Lia Parks, Christina Vida, Roldos

SINOSE

Un pequeno grupo de presos encarcerados no Centro Correccional Sing Sing, unha das prisións de máxima seguridade máis coñecidas do mundo, proponse montar a súa propia obra teatral como parte dun obradoiro. O filme amosa o traballo en comunidade e a transformación colectiva a través da interpretación que, ensaio tras ensaio, percorre a experiencia humana e artística dos presos e a súa posibilidade de se atoparen a si mesmos dentro dos muros do cárcere.

Duración aproximada do concerto: 107 minutos (sen pausa).

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxo, etc.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico e Sebastian Zinca o seu director asistente desde 2024. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I

James Dahlgren, concertino
Adriana Winkler, axuda de concertino
Ildiko Oltai**
Ilya Fisher
Victoria Jurov
Anna Alexandrova
Michal Ryczel
Yulia Petrushevskaya

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Helena Sengelow **
Gyula Vadaszi
Kiyoko Ohashi
Samira Ajkic
Irina Gruia
Enrique Roca

VIOLAS

Natalia Madison *
Anne Schlossmacher **
Iriana Fernández
Oxana Bakulina
Timur Sadykov

VIOLONCELLOS

Millán Abeledo *
Carlos García **
Thomas Piel
Fabio Arias
Manuel Lorenzo

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador Del Pozo (R)

CLARINETES

Beatriz López **
Vicente López *

TROMPAS

Jordi Ortega *
Xavier Ramón *
Millán Molina (R)
Pablo Pazos (R)

SAXOFÓN

Adrian Pais (R)

PIANOS

Brais González Pérez (R)
Javier López (R)

BENJAMIN VOCE

DIRECTOR

Benjamin Voce é un director emerxente cunha forte afinidade polo repertorio moderno e do século XX, coñecido pola claridade da súa interpretación e pola precisión con partituras complexas. Recentemente debutou coa BBC Filharmónica e coa Real Filharmonía de Galicia. Na vindeira tempada dirixirá *A tempestade* de Thomas Adès na Ópera Nacional de Romanía, formará parte do equipo musical de Glyndebourne para *O soño dunha noite de verán* de Britten e regresará á Real Filharmonía de Galicia.

Benjamin destaca especialmente na música dos séculos XX e XXI, con compositores como Adès, Britten e Stravinsky. Dende 2022 traballa como director asistente de Thomas Adès, con orquestras como a Filharmónica de Berlín, o Real Concertgebouw, a Filharmónica de Londres e a Hallé. Sente unha forte conexión co repertorio británico moderno por mor da súa nai, unha soprano especializada en música contemporánea que estreou máis de 200 obras.

Benjamin licenciouse primeiro en matemáticas, disciplina que continúa a desempeñar un papel importante na súa aproximación á dirección orquestral. Posteriormente estudou música na Academia de Daniel Barenboim en Berlín, incluíndo estudos de viola, piano, dirección, musicoloxía, literatura e filosofía. Nas súas interpretacións procura encarnar a longa historia interconectada entre a música e as matemáticas. Completou o seu mestrado en dirección no Royal Northern College of Music con Mark Heron e Clark Rundell, e recibiu tamén orientación de mestres visitantes como Sir Mark Elder, Ed Gardner, John Storgards, Ludovic Morlot, Martyn Brabbins, Anthony Hermus e Nicolás Pasquet.

NOTAS AO PROGRAMA

SING-SING

O director Greg Kwedar achéganos á historia real dun grupo de teatro creado polos presos do Centro Correccional Sing Sing. O elenco, encabezado por Colman Domingo -galeadoado co premio Tribute Performer no Festival de Toronto (TIFF)-, inclúe tamén actores non profesionais que participaron no proxecto orixinal e formaron parte do proceso creativo. A produción optou por un modelo económico no que os actores (incluído Colman) recibiron o salario mínimo diario estipulado polo Sindicato de Actores de Cinema Estadounidense e compartiron por igual os beneficios do filme. A película pon o foco no traballo en comunidade e na transformación colectiva a través da interpretación, mostrando como estes homes descubren unha nova versión de si mesmos entre os muros do cárcere. A través das artes escénicas, o filme percorre a experiencia humana e artística destes internos, que utilizan o teatro como espazo de expresión e de rehabilitación, desde o que conseguen ver o mundo como un lugar polo que loitar.

Kwedar presenta a coñecida prisión de máxima seguridade de Nova York desde unha perspectiva pouco habitual: a dun obradoiro de teatro que lles ofrece aos internos a oportunidade de crear e transformarse. O filme combina elementos documentais e de ficción, alternando momentos de fonda intimidade con escenas corais nas que revelan a forza do colectivo.

Neste contexto, a música de Bryce Dessner convértese nun fío condutor esencial, capaz de reflectir a tensión entre o confinamento físico e a liberdade emocional, entre a rutina da prisión e a esperanza que emerge da arte e a colaboración. Dessner, formado en composición e guitarra na Universidade de Yale, é coñecido por ambas facetas en The National pero ademais, fóra da banda, pola súa ampla traxectoria no ámbito da música contemporánea e orquestral compoñendo para agrupacións tan relevantes como o Kronos Quartet, a Orquestra Sinfónica da BBC, o Ensemble Intercontemporain ou as pianistas Katia e Marielle Labèque. A

súa música conserva a raíz emocional do rock, pero incorpora sutilmente influencias da música folclórica, o posminimalismo, o blues, a polifonía e o barroco, inspirándose nos seus compositores referentes: Béla Bartók, Benjamin Britten e Henryk Górecki, cos que comparte a procura de fortalecer a conexión co público.

En *Sing Sing*, un proxecto abordado con sensibilidade e contención, Dessner traballou coa London Contemporary Orchestra, logrando unha paleta tímbrica rica e matizada, na que cordas, ventos e percusión crean texturas que acompañan a narración sen escurecer a voz dos protagonistas nin a acción escénica. Lonxe dos dramatismos habituais asociados ao cinema carcerario, constrúe unha paisaxe sonora que dialoga coa vulnerabilidade dos personaxes, subliñando os seus momentos de fragilidade, de dúbidas e de esperanza.

A partitura sostense sobre motivos recorrentes que actúan como pequenos núcleos de evolución. Estes xestos melódicos aparecen nos momentos máis íntimos e medran gradualmente, reflectindo a progresión emocional dos internos. Silencios e pausas xogan un papel central, abrindo espazos que permiten per-

cibir ao público tanto a contención física da prisión como a expansión interior de quen participan na obra de teatro. Así, a música funciona como unha ponte entre dous mundos: o confinamento e a liberdade simbólica, o corpo limitado e a imaxinación que se expande máis aló dos barrotes.

A orquestración de Dessner acentúa a proximidade e a humanidade dos personaxes. As pasaxes das cordas, coas súas articulacións fluídas e sensibles, crean un sentido de continuidade e conexión emocional, mentres que a percusión e os ventos introducen matices de tensión, expectación e liberación. A partitura alterna momentos de intimidade absoluta con expansións sonoras máis abertas, sempre mantendo un equilibrio que evita o sensacionalismo e prioriza a escoita atenta e a resonancia emocional. Cada instrumento e cada xesto musical está pensado para soste a narración, amplificar a presenza dos protagonistas e reforzar a dinámica do obradoiro de teatro, onde o diálogo, a exposición emocional e a creatividade son os verdadeiros protagonistas.

Nunha proxección con música en directo, a partitura de *Sing Sing* esixe unha interpretación de gran sensibi-

lidade. Os momentos de expansión sonora —como a representación da peza teatral ou os instantes de catarse colectiva— precisan dun crecemento orgánico, afastado de calquera grandilocuencia artificial. A coordinación entre imaxe e música convértese así nun elemento esencial para potenciar a narrativa e para que o público experimente con maior intensidade a dualidade entre encerro e liberdade, entre tensión e redención. Bryce Dessner demostra nesta composición que a música cinematográfica pode ser, ao mesmo tempo, íntima e expansiva,

poética e concreta, acompañando o relato sen invadilo e iluminando a emoción sen manipulala. Máis aló da súa función narrativa, a obra convida a reflexionar sobre a liberdade interior, a resiliencia humana e o poder transformador da arte incluso nos espazos máis adversos. Deste xeito, a música non só acompaña o filme senón que tamén o transforma e o fai resoar, ofrecendo unha experiencia cinematográfica e sonora singular, capaz de permanecer na memoria moito despois de que se apague a pantalla.

PRÓXIMO CONCERTO

Ciclo de Lied: Música Masónica

XOVES 27 NOVEMBRO

Auditorio de Galicia, 20:30 h

Ilker Arcayürek, tenor

Maciej Pikulski, piano

Coro Masculino dos Amigos da Ópera de
Santiago de Compostela

Joan Company, director do coro

Wolfgang Amadeus Mozart

Música masónica para voz, piano e coro
masculino

En colaboración con Amigos da Ópera de
Santiago de Compostela

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo
das Nacións, s/n
15705 Santiago
de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

981 571 026 | 981 573 979
981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.instagram.com/realfilharmoniadegalicia)

[@compostelacultura](https://www.instagram.com/compostelacultura)

FACEBOOK

[RealFilharmoniadeGalicia](https://www.facebook.com/RealFilharmoniadeGalicia)
[CompostelaCultura](https://www.facebook.com/CompostelaCultura)

X

[@CCultura](https://twitter.com/CCultura)

TIKTOK

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.tiktok.com/@realfilharmoniadegalicia)

**REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA**

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA

